

(R. García Suárez)

Vigo 28 xaneiro 1976

Querido Luis:

Recibien a teu Nadal. Recibin a tua carta. Recibin, chegou hoxe o teu Insectario.

Ben. Por todo elo teñoche de dar unha ves mais as gracias. Por todo elo teño unha ves mais que dar conta do meu recoñecemento, Como sempre amosas a tua derramada xenerosidade e un aprecio por min que quixera certamente ser merecente.

Fixose a presentación do Index na librería Arenas da Cruña, foi unha cousa sinxela e mais ben íntima, aínda sobrepasando as posibilidades que ofrecían os meus dibuxos. García Pabell pronunciou unha fermosa disertación chea de atinadas suxerencias estéticas e antropoloxicas baseándose nunha interpretación, moi falagadora pra min, dos dibuxos.

A min o libro gostoume moito cando o vin, e non puido por menos de facerme sentir certo orgullo persoal; pois fixeche cos dibuxos un fermoso libro. Non egeguei a maxinar tal posibilidade, aínda sabendo ben do teu labor como deseñador de libros, aínda coñecendo toda esa magnífica obra espaxada en catafoles de grabados, e dibuxos con seu derradeiro eslabón neste Insectario que agora teño diante. Que fermosa imaxinación, que fermoso traballo que de suxerencias nises bechos. Mais gracias aínda, no polo galano, senon polo don da tua obra polo agrandamento que nos dá ao espírito, polo espaxamento dos nosos ollos.

Eu quixera que o meu Index peidera levarte un algo de todo iste agradecemento, eu quixera que tivera o poder de falar da admiración con que enxergamos todos a túa obra e que non é doado chegásemos a poñer enteira nas papalbras. Palabras... palabras.... sí, pero en verdade sentementos.

E mais nada por hoxe. Gracias.

Unha forte aperta de todos nos pra Maruxa e mais pra ti

Ricardo